



PROGRAMA DE ACTIVIDADES MEDIAMBIENTAIS 2019/2020



Narón en Transición

CHEF SOLAR E ALIMENTACIÓN SAUDABLE

DESCRIPCIÓN XERAL

Trátanse de actividades participativas para todos os públicos, organizados nun círculo de experiencias, lúdicas, prácticas e construtivas. Chegamos ao coñecemento pola experiencia e formamos conciencia polos resultados obtidos

OBXECTIVOS:

- * Aprender conceptos e valores propios da conciencia e pegada ecolóxica, e do impacto da nosa actividade no noso entorno próximo.
- * Valorar a necesidade de manter unha relación sostible co hábitat no que nos desenvolvemos
- * Coñecer técnicas e procedementos de construción e uso da enerxía solar (térmica, fotovoltaica...)
- * Realizar experiencias de aplicación da enerxía solar: construción de cociñas solares, cociñado solar, gravado e pintura solar, enxeños solares
- * Coñecer as bases da alimentación saudable; vivenciar e reflexionar sobre a nosa dieta e eleccións alimentarias.

ACTIVIDADES:

- Obradoiro de introdución a cocción solar.
1. Principios básicos de enerxía solar térmica aplicada a cocción solar.
 2. Modelos e tipos de cociñas solares.
 3. Usos e funcionamento de cada modelos.
 4. Prácticas de pasteurización e cocción.
 5. Montaxe dun pasteurizador e unha cociña solar de baixo custo.

Acompañarase a actividade cun Obradoiro de Pinta Sol, e Pirògrafo solar, mostra lúdica da aplicación solar fotovoltaica e de concentración.

TEMPORALIZACIÓN:

Todas as xornadas terán un horario de 11 a 14 horas aprox. A estimación de datas de celebración (salvo causa de impedimento meteorolóxico ou similar) é a seguinte:

- Sábado 11 de Xullo – Xuvia, Paseo Marítimo
- Sábado 18 de Xullo – A Solaina, campo da festa (fronte ao local social)
- Sábado 19 de Setembro – A Gándara (Praza)
- Sábado 26 de Setembro – Praza de Galicia

NOTA IMPORTANTE:

Debido ás especiais circunstancias da emerxencia sanitaria actual pola COVID-19, o formato e interactividade prevista no desenvolvemento das actividades pode variar, adaptándose ás disposicións preventivas ditadas polas autoridades sanitarias